

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024203	IES Faro das Lúas	Vilanova de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	36
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	39
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	42
9. Outros apartados	43

## 1. Introducción

Entendemos programar como o proceso mediante o cal o persoal docente, de maneira individual ou en grupo, estrutura as tarefas educativas mediante a organización, disposición, execución, regularización e avaliación das pertinentes actividades didácticas e situacións de aprendizaxe nun contexto formativo concreto. Isto é, a programación é o paso que converte as intencións educativas abstractas e xerais en propostas didácticas concretas.

A presente programación da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase, principalmente, a lograr tanto a mellora da eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: o primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono; o segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional; o terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios; o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Ademais, desde a nosa materia, a situación socio-lingüística de Galicia esixe, aínda máis ca noutra materia, que nos deteñamos e reflexionemos sobre cal é o reparto que as dúas linguas oficiais teñen no común do noso alumnado para adaptar as nosas prácticas a esa realidade. Isto marcará desde o comezo a nosa programación, xa que debemos actuar en base a dous obxectivos iniciais no que se refire á comunicación oral e escrita da nosa lingua, previo coñecemento do grao de uso desta de cada alumna ou alumno:

- Co alumnado galegofalante: reforzar a súa valorización de maneira que lle vexan utilidade á lingua en todos os ámbitos.

- Co alumnado castelanfalante: introducir a lingua galega na súa vida diaria na aula, tanto a nivel oral (exposicións, debates, etc.) como na escrita (corrección léxica e gramatical).

Nesta proposta didáctica de 3º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas nas que se tivo en conta o criterio temático e transversal de forma que en todas as unidades se traballan aspectos dos catro bloques.

Ademais, en cada trimestre propónse un libro de lectura acorde a súa idade e gustos nos que se abordarán temáticas diferenciadas co obxectivo de que poidan facelos reflexionar sobre problemáticas ou situacións reais nas que cómpre reparar ao tempo que aumente o seu interese lector de maneira progresiva.

Após todo isto que mencionamos cremos conveniente rematar explicando que o currículo oficial ofrece unha marxe de manobra suficiente para adaptar a materia a toda a diversidade e situacións diversas ás que nos poidamos enfrontar ao longo do curso. Esta adecuación, ao noso modo de ver, pasa ante todo pola realización dunha programación flexible e capaz de adaptarse aos intereses, motivacións ou capacidades de cada unha das nosas alumnas e alumnos. Nese sentido é sobre o cal se realiza o desenvolvemento teórico desta proposta didáctica, que se presenta nos apartados xa seguintes.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	1 "A orixe de todas as historias"	<p>Nesta unidade coñeceremos as orixes da lingua galega e analizaremos os aspectos esenciais da súa evolución. Profundaremos no legado da literatura popular galega e tamén coñeceremos as características máis salientables da literatura medieval.</p> <p>Asentaremos as regras ortográficas básicas referidas á acentuación gráfica e ao uso da diérese.</p> <p>Por último, darase comezo á realización dun proxecto consistente na elaboración dun podcast.</p>	10	10	X		
2	2 "Un camiño inseparable"	<p>Nesta unidade estudaremos as relacións semánticas que se poden establecer na lingua.</p> <p>Coñeceremos os trazos fundamentais da lírica profana e analizaremos as características das cantigas de amigo e de amor.</p> <p>Tamén estableceremos relacións lingüísticas e culturais entre o galego e o portugués.</p> <p>Analizaremos as unidades lingüísticas que se establecen no galego e consolidaremos os casos en que se emprega a acentuación diacrítica.</p>	10	10	X		
3	3 "Unha corte con dúas caras"	<p>Nesta unidade recoñeceremos o léxico xenuíno galego para expresar ideas referidas ó ámbito da alimentación e analizaremos os mecanismos principais de creación de palabras.</p> <p>Ademais, analizaremos as características das cantigas de escarnio e maldizer e da prosa medieval, e coñeceremos outras mostras literarias marxinais.</p> <p>Reforzaremos o coñecemento dos trazos morfolóxicos do substantivo e do adxectivo e tamén estudaremos as regras que rexen o uso de maiúsculas e minúsculas.</p> <p>Finalmente, rematarse a fase de recollida de información para o proxecto da gravación do podcast.</p>	10	10	X		
4	4 "A historia dun desafiuzamento forzoso"	<p>Nesta unidade recoñeceremos o léxico xenuíno galego para expresar ideas referidas ao ámbito das TIC e incorporaremos léxico novo (neoloxismos).</p> <p>Analizaremos as principais tipoloxías textuais e tamén as formas, funcións e</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	4 "A historia dun desafuzamento forzoso"	<p>valores dalgúns pronomes para poder empregalos con criterio en contextos reais e con eficacia comunicativa.</p> <p>Coñeceremos as características definatorias da etapa dos Séculos Escuros da nosa literatura e valoraremos as escasas mostras literarias conservadas.</p> <p>Tamén coñeceremos as regras que rexen o uso dalgúns signos de puntuación e iniciaremos a fase de elaboración do proxecto coa realización dun bosquexo co contido do podcast.</p>	10	10	X		
5	5 "O reverdecer da literatura"	<p>Nesta unidade analizaremos a linguaxe característica do eido da representación artística.</p> <p>Coñeceremos os trazos que caracterizan algúns dos textos da vida cotiá para ser capaces de producilos atendendo ás súas normas estilísticas.</p> <p>Tamén coñeceremos as principais etapas do Prerrexurdimento e do Rexurdimento literario e cultural.</p> <p>Ademais, analizaremos a categoría do pronome e profundaremos no coñecemento e dominio dos clíticos.</p> <p>Revisaremos os casos de uso dalgúns signos de puntuación e remataremos o noso proxecto coa gravación dos podcast e a súa posta en común.</p>	10	10		X	
6	6 "Sempre nos quedará Padrón..."	<p>Nesta unidade coñeceremos a terminoloxía propia dos ámbitos dos medios de comunicación.</p> <p>Produciremos textos coas características dos empregados nos medios de comunicación, respectando as propiedades textuais básicas.</p> <p>Ademais, coñeceremos con certa profundidade a obra de Rosalía de Castro.</p> <p>Tamén estudaremos o funcionamento do verbo e das perífrases verbais e coñeceremos as regras básicas que rexen o uso dalgúns signos de puntuación.</p>	10	10		X	
7	7 "Os tempos son chegados"	<p>Nesta unidade valoraremos a importancia da toponimia e da microtoponimia como garantes do coñecemento e do acceso universal á idiosincrasia do pobo galego.</p> <p>Coñeceremos parte do léxico sobre o medio natural xenuíno do galego.</p> <p>Tamén produciremos textos do ámbito académico respectando as propiedades textuais básicas e os elementos que os identifican.</p> <p>Profundaremos na figura de Eduardo Pondal.</p>	10	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	7 "Os tempos son chegados"	<p>Estudaremos as funcións sintácticas elementais e distinguiremos os mecanismos que permiten diferenciar o suxeito do predicado.</p> <p>Ademais, coñeceremos as regras básicas respecto da ortografía dalgunhas palabras. Por último, iniciarase na aula a lectura dun dos libros propostos polo departamento.</p>	10	15		X	
8	8 "Progreso ou barbarie: un pobo apreixado"	<p>Nesta unidade interiorizaremos o léxico relacionado con algunhas actividades deportivas.</p> <p>Coñeceremos os trazos fundamentais do texto publicitario.</p> <p>Tamén analizaremos a obra de Manuel Curros Enríquez e valoraremos o seu legado na construción dunha sociedade crítica, digna e solidaria coas minorías e excluídos/as do sistema.</p> <p>Estudaremos as características da situación sociolingüística do galego e valoraremos os procesos de normalización como vía para acadar a sobrevivencia das linguas ameazadas.</p> <p>Ademais, analizaremos as unidades e funcións lingüísticas que se dan no plano do predicado e aprenderemos as regras que rexen no uso dos grupos consonánticos, resolvendo as dúbidas que poden xurdir na grafía de palabras que empregan certas consoantes.</p> <p>Continuaremos a lectura na aula do libro proposto polo departamento.</p> <p>Daremos comezo a un novo proxecto: produción audiovisual dun programa de televisión, aproveitando os coñecementos adquiridos en unidades anteriores sobre os medios de comunicación.</p>	15	15			X
9	9 "A lingua que nos viu nacer"	<p>Nesta unidade coñeceremos os trazos propios do texto electrónico para empregalos no uso persoal.</p> <p>Tamén coñeceremos outros xéneros do Rexurdimento alén do poético.</p> <p>Estudaremos os prexuízos lingüísticos e aprenderemos o significado do concepto de interferencia lingüística para adestrarse na súa detección e depuración.</p> <p>Ademais, distinguiremos os constituíntes da cláusula e da oración e revisaremos e interiorizaremos palabras homónimas e parónimas respecto dos seus significados correspondentes, malia a dificultade que implica a súa similitude formal.</p> <p>Remataremos a lectura do libro proposto polo departamento e tamén o proxecto, coa gravación e visionado dos vídeos.</p>	15	15			X



### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	1 "A orixe de todas as historias"	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e interpreta o sentido global de textos diversos.	PE	40
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza, tras a lectura de varios textos da literatura popular galega, unha análise apropiada dos mesmos seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza textos diversos aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación as mostras da literatura popular traballadas co conxunto da nosa tradición e con manifestacións artísticas da actualidade.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado incorpora procedementos básicos á hora de enriquecer os seus textos propios.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica a intencionalidade dos textos da literatura popular traballados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado, como mínimo, comeza a recollida nun documento das principais características da lusofonía ou literatura medieval.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, identifica a calidade e fiabilidade de informacións procedentes dos textos traballados na unidade.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, realiza unha exposición oral de 3 minutos sobre un tema de interese persoal con certa fluidez, coherencia e cohesión.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, entrega un texto escrito cun rexistro axeitado sobre as características máis salientables da literatura medieval, presentando unha certa coherencia e cohesión tras revisalo previamente.	TI	60
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona os textos da literatura popular traballados con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá crear textos persoais ou colectivos con intención literaria que versarán sobre os contidos traballados na aula.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se poidan detectar erros debidos á falta da revisión apropiada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	2 "Un camiño inseparable"	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe establecer varias relacións lingüísticas e culturais entre o galego e o portugués.	PE	50
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora criticamente o sentido e intencionalidade de mensaxes de tipo académico relacionadas coas cantigas de amigo.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza, tras a lectura dunha cantiga de amor medieval, unha análise apropiada da mesma seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza nunha cantiga de amigo medieval a finalidade, a temática, os personaxes, o xénero e subxénero de maneira satisfactoria.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se poidan detectar erros debidos á falta da revisión apropiada.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica a funcionalidade dos recursos formais nunha cantiga medieval.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, entrega un texto de redacción propia sobre as relacións entre galego e portugués respectando coherencia, cohesión e adecuación textuais, co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, palabras unidas...).	TI	50
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón oralmente unha presentación sobre a lingua portuguesa , como mínimo, en rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado debe na súa exposición oral, como mínimo, utilizar de maneira correcta estratexias de cooperación e de cortesía para confirmar que está sendo entendido e resolver posibles dúbidas.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado ,como mínimo, prepara un texto expositivo sobre as cantigas de amor respectando as características dese xénero textual.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado como mínimo prepara o texto expositivo co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, repetición de palabras...).		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado escolle, como mínimo, tres poemas posteriores á época medieval que remitan ás cantigas de amigo dalgún xeito, explicando os criterios da súa selección.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación os poemas seleccionados coas cantigas medievais, atendendo á configuración e á evolución do xénero lírico.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona as cantigas de amor medievais lidas en clase con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá completar unha cantiga de amigo empregando os recursos formais de repetición propios deste tipo de composición.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.</li> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.</li> <li>- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos bási-cos. A aposición.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos.</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos anali-zados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lec-turas que promovan a defensa do</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.</li> </ul>

### Contidos

- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	3 "Unha corte con dúas caras"	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza unha cantiga de Santa María aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.	PE	50
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, explica a interpretación de varias cantigas de escarnio e maldizer a partir das relacións externas dos textos co seu contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Ao longo da proba o alumnado, como mínimo, emprega correctamente o uso das maiúsculas e minúsculas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se poidan detectar erros debidos á falta da revisión apropiada.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica a funcionalidade dos principais mecanismos de creación de palabras en textos dados.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, transforma enunciados atendendo ao xénero e número do substantivo e adxectivo e ao grao do adxectivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado elabora traballos de investigación requiridos polo profesorado da materia.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, prepara un documento coas características dos textos traballados respectando a coherencia, cohesión e adecuación textuais, co corrector pasado e sen erros propios da falta de lectura atenta (p.ex. letras repetidas, palabras unidas, faltas de espazos...).		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón oralmente cun rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión e cun uso correcto dos elementos non verbais.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado mantén unha actitude de escoita activa durante as exposicións orais do resto de compañeiros/as.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e interpreta o sentido global de textos referidos á literatura medieval traballada na unidade, realizando as inferencias necesarias.	TI	50
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, entrega un texto que esperte o interese e que respecte as características dese xénero textual, sobre os usos discriminatorios da lingua.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado, como mínimo, evita nos seus escritos e nas súas intervencións orais os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza, tras a lectura íntegra dunha obra literaria indicada, unha análise apropiada do volume seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, aproveita ó coñecemento da nosa tradición literaria para extraer ensinanzas que se poidan proxectar na cultura e na lingua actuais.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá entregar un traballo textual multimodal de carácter literario sobre algún personaxe da actualidade poñéndoo en relación coas cantigas de escarnio e maldizer medievais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas,</li> </ul>

## Contidos

- mapas conceptuais, definici
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
8	8 "Progreso ou barbarie: un pobo apreixado"	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado, como mínimo, identifica e cuestiona prexuizos e estereotipos lingüísticos en exemplos dados.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora os procesos de normalización como única vía posible para acadar a sobrevivencia da lingua ameazada nun territorio, tras a lectura de textos dados.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, como mínimo, realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora criticamente o contido de textos sobre a situación sociolingüística do galego.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, explica e interpreta un poema de Curros Enríquez a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra completa do autor e co seu contexto sociohistórico.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e valora o sentido global, a estrutura e a intención do emisor en textos publicitarios orais, avaliando a súa calidade, fiabilidade, idoneidade da canle empregada e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, crea un texto publicitario oral e expoño na clase, axustándose ás características propias deste xénero e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	TI	50
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, planifica a redacción dun texto escrito que conteña referencias a algunhas das actividades deportivas máis populares, cunha presentación final coherente, cohesionada e cun rexistro axeitado tras a revisión do mesmo.		
CA2.6 - localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, localiza, selecciona e contrasta información sobre algún dos autores do Rexurdimento, procedente de diferentes fontes e calibrando a súa fiabilidade, respectando os principios de propiedade intelectual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa a súa reflexión e fai dúas propostas de mellora argumentado as mudanzas realizadas, pondo en marcha os seus coñecementos sobre a lingua.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado, como mínimo, selecciona textos de Curros Enríquez en función dos seus gustos, para ler autonomamente, e explica a experiencia da súa lectura.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, emprega dicionarios e manuais para formular xeneralizacións sobre o uso dos grupos consonánticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.</li> </ul>



## Contidos

- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxión)
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	9 "A lingua que nos viu nacer"	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado, como mínimo, identifica usos discriminatorios da lingua, abusos a través da palabra ou usos manipuladores da linguaxe en textos dados.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, comprende a información máis relevante e realiza as inferencias necesarias de textos escritos sobre outros xéneros do Rexurdimento alén do poético.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora criticamente textos sobre o conflito lingüístico e os prexuízos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, incorpora ó seu vocabulario termos relacionados cos contidos vistos na aula.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, formula xeneralizacións sobre os constituíntes da cláusula e da oración a partir da observación, da transformación de enunciados e da procura de contraexemplos		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado, como mínimo, identifica varios prexuízos e estereotipos lingüísticos a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da súa contorna social próxima.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, analiza a interacción entre os distintos códigos dun produto textual multimodal.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, prepara un texto multimodal sobre un dos autores/as principais do Rexurdimento.	TI	50
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende o sentido global e a estrutura dun correo electrónico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado como mínimo, envía un correo electrónico coherente, cohesionado e cun rexistro axeitado tras a súa revisión.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, explica a interpretación da obra lida en clase a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos coas relacións externas do texto.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, argumenta algúns vínculos entre a obra lida en clase e outros textos escritos en función da súa temática e estrutura, mostrando a súa implicación na lectura.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, explica a interrelación entre o propósito comunicativo dun texto multimodal e as eleccións lingüísticas do emisor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.</li> <li>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxexión)
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Segundo coa liña en que resaltabamos a importancia dun ensino baseado no desenvolvemento das competencias básicas, o obxectivo fundamental da metodoloxía didáctica empregada será que a aprendizaxe das nosas alumnas e alumnos sexa significativa, é dicir, que o que aprendan lles sexa útil para a resolución dos problemas que se lle presenten na vida cotiá. Para conseguilo, poremos ao seu servizo un repertorio teórico entre o que destacamos a metodoloxía construtivista, mais, con todo, non prescindiremos das contribucións de outras formulacións metodolóxicas.

Para planificar esta aprendizaxe significativa, e determinar o grao de competencia que o alumnado posúe para adaptar ou modificar calquera aspecto curricular que se estime oportuno, debemos partir duns principios metodolóxicos.

O primeiro deles é ter en conta a existencia de coñecementos previos, independentemente da fonte da que proveñan pero pondo especial interese nos obtidos durante a etapa escolar previa. Para avaliar estes coñecementos resulta especialmente útil o método interrogativo, con actividades como a choiva de ideas ou o lanzamento de preguntas abertas, por exemplo.

Seguidamente, para lograr que o proceso educativo sexa como nós pretendemos, significativo, debemos conseguir a predisposición do alumnado a aprender. Para iso a metodoloxía debe ser motivadora, activa, participativa, inclusiva, cooperativa e flexible, a fin de que as rapazas e rapaces se convertan en axentes protagonistas da súa aprendizaxe, coa vista posta en lograr a súa autonomía na construción do propio coñecemento. Mais isto non exclúe a participación activa do profesorado neste proceso e, por iso, trataremos de combinar o método expositivo -á hora de traballar certos aspectos chave da materia ou de especial complexidade- co método por descubrimento ao propoñerlle a participación en situacións actuais mediante a realización de traballos ou a identificación de aspectos relevantes arredor de procesos e acontecementos históricos e literarios e as súas causas e consecuencias, tendo sempre presente a especial realidade que envolve á lingua e á literatura galega.

Por último, tamén empregaremos o método demostrativo ata que os alumnas e alumnos adquieran as habilidades necesarias para realízalas de xeito autónomo.

En resumo, en canto aos contidos da materia destacarán os métodos heurísticos, indutivos, dedutivos e analóxicos ou comparativos, utilizando un ou outro segundo sexa a finalidade concreta que se busque traballar, así como tamén se

pretenderá que todos os contidos se vinculen con contextos reais que demostren a utilidade que pode ter a adquisición destes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de elaboración propia
Materiais de editoriais (edixgal/outras de uso libre)
Materiais de consulta: dicionarios, gramáticas... (en liña ou papel)
Recursos dixitais (información en redes, uso dos correctores ortográficos, paquete de ofimática libre, libros dixitais, etc.).
Textos que resulten de interese para alumnas e alumnos co fin de achegalos á lectura, como fonte de pracer e de formación.
Libros de lectura de carácter obrigatorio (sempre haberá exemplares na biblioteca do centro)

Os alumnos e as alumnas disporán de cantos recursos e materiais se consideren adecuados para a mellora da súa aprendizaxe. Intentarase que os recursos sexan variados, flexibles e atractivos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha proba de avaliación inicial para comprobar o dominio que o distinto alumnado do grupo posúe na materia de lingua e literatura galega para, así, poder adoptar as medidas oportunas conforme ás necesidades particulares que se detecten en cadaquén. Ademais, atenderanse a aquelas indicacións que desde o Departamento de Orientación se nos indiquen na sesión de avaliación inicial do grupo.

A avaliación inicial poderase facer a través dunha lectura en voz alta que mostre o grao de desenvolvemento desta destreza e/ou mediante a formulación de preguntas arredor de vocabulario que o texto poida ofrecer. Ademais poderase facer unha proba individual na que a través dun texto teñan que responder a unha serie de preguntas por escrito onde demostren a adquisición (ou non) dalgúns contidos lingüísticos pertinentes que fixarán o punto de partida das nosas accións futuras.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	50	50	54	60	45	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	50	50	46	40	55	50	50	50	<b>50</b>

### **Criterios de cualificación:**

Ao longo do curso a avaliación será continua, formativa e sumativa e haberá tres avaliacións, ademais da final do mes de xuño.

En cada trimestre avaliaranse distintas unidades, que poderán variar en función do progreso na implementación da programación, e empregaranse distintos procedementos e instrumentos para a obtención de información:

- a. Probas escritas.
- b. Probas orais.
- c. Observación na aula.
- d. Caderno de clase.
- e. Traballo individual ou en grupo.
- f. Outros instrumentos que o profesorado considere apropiados.

A cualificación de cada un dos trimestres distribuirase da seguinte maneira:

Proba de contidos teóricos: 60%

Traballos, probas de lectura, actividades colaborativas, actividades individuais, probas de competencias orais e/ou escritas... avaliados mediante táboas de indicadores 40%

Para que o alumnado consiga un aprobado na materia deberá sumar unha puntuación total de 4,75 ou superior en cada trimestre.

No caso de que consiga aprobar cunha nota non exacta a suba á puntuación superior será a partir das 0,75 décimas. Por exemplo, entre 6 e 7, subirase a 7 a partir do 6,75.

Para a nota final do curso farase media aritmética dos tres trimestres, tendo en conta a nota real conseguida en cada un polo alumnado, non o redondeo.

Para poder superar a materia unha vez realizadas as tres avaliacións, a media das mesmas debe ser igual ou superior a 4,75 puntos.

### **Criterios de recuperación:**

En caso de non alcanzarse unha puntuación igual ou superior a 4,75 de media final o alumnado terá dereito a unha proba escrita individualizada antes da avaliación final de xuño e valorarase a efectos do cálculo da nota final na materia nun 100 % (no caso de ter os tres trimestres suspensos) ou modificando a nota conseguida en cada trimestre (se é de un ou dous trimestres) para o novo cálculo da nota final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Realízase un seguimento e atenderase o alumnado de 3ºESO que teña a materia pendente de 1º e/ou 2º ESO. Explicaráselles xa a principio de curso como se realizará o seguimento e a avaliación desta e recordaráselles que para resolver calquera dúbida ou atender calquera consulta sobre a materia pendente o alumnado disporá en calquera momento da súa docente de referencia (durante as aulas ordinarias da materia), así como a asistir na hora dun recreo que se decida a comezos do curso (no Departamento de lingua galega e literatura) sempre que se avise con anterioridade da asistencia a dita reunión para tratar dúbidas ou calquera outro aspecto que precise de aclaración.

O seguimento e a avaliación farase por trimestres. En cada un deles o alumno ou a alumna deberá entregar un boletín de actividades que lle ofrecerá previamente a profesora encargada de supervisar o seguimento da materia pendente e terá que realizar unha proba escrita por trimestre con exercicios similares aos dos boletíns.

Os boletíns de actividades entregaráselle ao principio de cada trimestre e neles indicaráselles a data de entrega. Estas actividades serán similares ás traballadas no curso anterior, estarán adaptadas ás características específicas dos alumnos e alumnas e contribuirán a reforzar aqueles aspectos nos que presenten maiores dificultades.

Seleccionarase tendo en conta os contidos mínimos esixibles e poderán incluír:

1. Actividades para afianzar a ortografía dos alumnado.
2. Elaboración de textos propios que permitan o repaso das características principais dos diversos tipos de texto.
3. Análise formal dos diversos tipos de texto estudados durante o curso pendente.
4. Recoñecemento e uso das principais relacións semánticas entre as palabras.
5. Actividades para traballar a análise sintáctica e a clasificación de oracións.
6. Actividades para repasar o vocabulario estudado no curso pendente.
7. Actividades para repasar os contidos literarios estudados durante o curso pendente.
8. Actividades para repasar as categorías gramaticais estudadas durante o curso pendente.

No caso de que o alumnado non entregue os boletíns seguirá tendo dereito á asistencia á proba escrita trimestral.

Os criterios de cualificación en cada un dos trimestres serán os seguintes:

a. Se o alumnado entrega os boletíns e se presenta ás probas pertinentes, as porcentaxes correspondentes son: 40% para o boletín de actividades entregado cada trimestre.

60% para as probas escritas de cada trimestre.

b. Se o alumnado non entrega os boletíns de actividades e só se presenta ás probas obrigatorias a porcentaxe será: 100% para a proba escrita de cada trimestre.

Se o alumnado non aproba a materia ao longo do curso poderá recuperar na avaliación final de xuño. Para iso volveráselle ofrecer a entrega dos boletíns que deba recuperar de maneira individualizada e terá que realizar unha proba daquilo que necesite recuperar de maneira individual.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade, baseada no principio da igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo para todo aquel alumnado que requira dunha atención educativa diferente á ordinaria, estruturarase en base ao tipo de necesidade manifestada.

En liñas xerais, podemos dicir que para atender a diversidade adoptaranse as medidas ordinarias ou habituais: o reforzo educativo e as extraordinarias: a adaptación curricular. Ademais terase presente o plan de repetidores, a exención de lingua galega ou calquer outra medida que se estime pertinente segundo sexa a necesidade manifesta.

As medidas de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que se encarga de regular a atención á diversidade no alumnado, sempre en coordinación co profesorado titor e o equipo de Orientación do centro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X			X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde			X			X		
ET.11 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.12 - Concienciación e formación sobre o cambio climático		X			X			X
ET.13 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable					X	X		
ET.14 - Respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión da lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X
ET.10 - Educación para a saúde	X
ET.11 - Formación estética	X
ET.12 - Concienciación e formación sobre o cambio climático	
ET.13 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.14 - Respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X

**Observacións:**

Aínda que nalgúns elementos se indican só aquelas unidades onde a súa incidencia é maior procurarase que todos eles sexan unha constante na práctica diaria das aulas de Lingua Galega e Literatura.



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de regueifas	O alumnado participará nun obradoiro de iniciación á regueifa impartido no propio centro e composto de dúas sesións de hora e media cada unha delas. O obradoiro levarase a cabo no mes de novembro.			
Participación en actividades para conmemorar o Día de Rosalía, o Día das Letras Galegas...	O alumnado participará nas actividades que organice o departamento de Lingua Galega con motivo do Día de Rosalía, Día das Letras Galegas...			
Saída cultural	O alumnado participará nunha saída onde se combinará algunha actividade cultural con outra de carácter lúdico para gozar dunha xornada formativa diferente			

### Observacións:

As actividades poden verse alteradas segundo se vaian dando as circunstancias concretas do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita
Metodoloxía empregada
Presento actividades para coñecer os coñecementos previos de cada unidade
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela
Incorporo as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Proporciono información ao alumnado sobre as actividades e proxectos propostos ofrecéndolle pautas para mellorar
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar no desenvolvemento das explicacións ou actividades propostas

Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades que atendan á diversidade e as distintas necesidades detectadas
Propoño actividades de reforzo e ampliación ao alumnado que o precise
Emprego distintos instrumentos e procedementos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as
Clima de traballo na aula
Presento actividades individuais ou grupais encamiñadas á consecución dos obxectivos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades

### Descrición:

No final de cada trimestre analizarase o desenvolvemento destes indicadores (con "sempre", "ás veces" ou nunca). Revisarase tamén se deu tempo a tratar todos os contidos establecidos para esa avaliación. No caso de non ser así, recolleranse as causas e tentarase, na medida do posible, mellorar ese aspecto para o seguinte trimestre. De igual xeito, estudarase a porcentaxe de suspensos de cada grupo e actuarase naqueles casos nos que esa porcentaxe resulte elevada.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento principal para a avaliación da propia programación serán as reunións periódicas entre o profesorado que imparte a materia de Lingua Galega e Literatura. Nestas reunións trataranse os problemas que vaian xurdindo no desenvolvemento da programación relacionados cos contidos, cos obxectivos, coa metodoloxía empregada, cos mecanismos de cualificación... A todos eles tratarase de darlles solución no momento en que xurdan. Nas actas mensuais do departamento quedarán recollidos estes posibles problemas xunto coas suxestións para a súa resolución.

No final de cada trimestre tamén se analizará o desenvolvemento da programación. Revisarase se deu tempo a tratar todos os contidos establecidos para esa avaliación. No caso de non ser así, recolleranse as causas e tentarase, na medida do posible, mellorar ese aspecto para o seguinte trimestre. De igual xeito, estudarase a porcentaxe de suspensos de cada grupo e actuarase naqueles casos nos que esa porcentaxe resulte elevada.

Por último, realizarase unha análise final ao rematar o curso. Esta análise será recollida na memoria do departamento e contará cos seguintes aspectos:

1. Grao de consecución dos obxectivos.
2. Análise dos obxectivos que presentaron máis problemas para o alumnado.
3. Contidos que non deu tempo a traballar xunto coas causas.
4. Porcentaxes de suspensos xunto coa reflexión das causas deses resultados.
5. Realización das actividades complementarias programadas.
6. Adecuación dos libros de lectura obrigatoria escollidos.
7. Adecuación da metodoloxía empregada.
8. Adecuación dos criterios de avaliación e de cualificación empregados.
9. Emprego das novas tecnoloxías.

Nos aspectos nos que se detecte algún problema, achegaranse medidas para a súa mellora de cara ao seguinte curso.

## 9. Outros apartados